




CASTELO DE SOUTOMAIOR

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km
Dificultade: baixa
Duración: 2/3 horas

A visita pódese realizar por varios motivos: por coñecer e visitar o propio castelo e, sobre todo, por coñecer e pasear polos seus coidados xardíns que acollen unha gran diversidade de especies botánicas entre as que se atopan exemplares arbóreos únicos, polas súas características e o seu desenvolvemento, (algunhas incluídas no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza) nas que destaca unha fermosa e variada colección de camelias (máis de 300 exemplares dunhas 25 especies e numerosos cultivares), as coníferas (abetos, piceas, alciprestes, araucarias, calocedros... e, sobre todo, a monumental secuoya vermella de tres toros con case dez metros de perímetro. Tampouco faltan outras árbores de folla caediza e especies autótonas como carballos, castiñeiros, érbedos..., os fentos arbóreos de máis altura do país e numerosos arbustos e plantas de flor. O castelo de Soutomaior está situado en terreos do concello de Soutomaior nun outeiro desde o que se abrangue o val do Río Verdugo. Foi construído no século XII e ao longo do tempo foi reformado, pasando de ser unha construción defensiva a pazo agrario e logo residencial. A “finca” do castelo de Soutomaior comprende 25 hectáreas de terreo que ao longo da súa historia fóronse destinando a distintos usos. Na parte alta do terreo atópase a capela de San Caetano, onde se celebra anualmente unha gran romaría popular no mes de agosto.



A partir de 1870 fóronse conformando o parque e os xardíns que ocuparon o lugar dos cultivos, nos tempos en que os Marqueses de la Vega de Armijo e de Mos deciden fixar a súa residencia de verán no Castelo de Soutomaior.

Na obra de D. Rafael Areses publicada en 1953 "*Nuestros parques y jardines*", méncionáanse diferentes especies que destacaban pola súa rareza ou polo porte, algunhas desaparecidas e outras que aínda se conservan na actualidade no parque do Castelo como abetos, araucarias, criptomeras, calocedros e secuoias.

No 1982 foi adquirido pola Diputación Provincial de Pontevedra quen encargou a un grupo de expertos a restauración do conxunto de construcións e os xardíns. Creouse un bosque autóctono galego, un viñado con variedades autóctonas de Galiza, un souto de castiñeiros, unha colección de camelias e de roseiras e platáronse numerosas especies ornamentais.

No tempo en que a Diputación mercou o castelo contaba con 19 exemplares de camelia "japonica", das máis antigas de Galicia; en 1986, incorpóranse novos exemplares, adquiridos en viveiros galegos e estranxeiros de Francia, Inglaterra, California e Nova Zelandia ou procedentes de doazóns feitas por particulares; na terceira engádense cultivares de especial interese pola súa singularidade aumentando cada ano o número de camelias. Na actualidade o parque do Castelo de Soutomaior conta cunha extensión duns 15.700 m².

PERCORRIDO:

Pódese percorrer con diversas intención e múltiples itinerarios, que poden variar segundo a época do ano, para completar ata tres quilómetros de percorrido e invertir de dúas a catro horas. Para que o percorrido sexa máis eficaz podemos axudarnos do plano que nos facilitan no propio castelo no que están marcados tres posibles itinerarios e a situación das especies arbóreas e arbustivas.



Vista do Val do río Verdugo desde a capela de San Caetano, na parte alta da finca.



A colección de camelias é un dos principais atractivos do Xardín Botánico do Castelo de Soutomaior.





Secuoia vermella de tres toros, a árbore de maiores dimensións do parque con 9,79 m de perímetro. Está incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



CALOCEDRO DE CALIFORNIA
(*Calocedrus decurrens*)
-4,80 m de perímetro



Pehuén (*Araucaria araucana*), de 27 m de altura e 2,46 m de perímetro. Está incluída no Catálogo de árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



Carballo, o exemplar de maior perímetro do parque, con 4,24 m de perímetro.



ALCIPRESTE DE LAWSON (*Chamaecyparis lawsoniana*)
-32,4 m de altura, 9,10 m de perímetro na base. (Está secando). Incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



CRIPTOMERIA ELEGANTE
(*Cryptomeria japonica elegans*)
-2,88 m de perímetro. Incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.